

ESQUIROL, Josep Maria: *La resistencia íntima. Ensayo de una filosofía de la proximidad*, Acanalado, Barcelona, 2015, 178p.

Laureado co Premio Cidade de Barcelona 2015 e o Premio Nacional de Ensaio 2016, este ensaio do profesor de filosofía da Universidade de Barcelona Josep Maria Esquirol é un exercicio de fenomenoloxía do cotiá, do próximo, que trata ao lector con amabilidade, aloumiñándoo no percorrido conceptual que, de vagar, se vai anoando con exemplos e casos achegados. Este uso fino e cordial da escrita filosófica pretende mostrar, sen excentricidade nin violencia, a experiencia humana alternativa que aniña nos xiros, expresións e palabras cotiás. Unha analítica da existencia feita desde a experiencia, sinxela e directa, de dúas ideas que, en primeiro lugar, son vivencias: resistencia e intimidade. Proposta filosófica construtiva, afirmativa e concreta, da textura e operatividade dalgunhas ideas desbotadas con demasiada rapidez polo pensamento contemporáneo “de éxito”. Coa vista posta no proceder fenomenolóxico de Jan Patočka, e tomando inspiración nalgúns conceptos de Emmanuel Levinas, o autor acaricia a posibilidade dun pensar filosófico baseado na volta reflexiva ás experiencias elementais, non extraordinarias nin sobrehumanas, do humano.

O autor parte da corroboración do nihilismo como feito actual que asolaga *psique* e *natura*. Baleiro e absurdo, exposición á disgregación e rotura de vínculos, o autor certifica que o sentido da existencia humana non é alleo á experiencia nihilista que, con frecuencia, aparece como trauma orixinario, sombra inevitable, presenza insuperable. Aposta por unha filosofía que traballe na súa superación ou, como mínimo, no apoderamento consciente da experiencia nihilista, coa vista posta no entrenzado das imaxes dunha resistencia cotiá á antedita experiencia. Con esta intención,

---

Recibido: 23/04/2017. Aceptado: 26/04/2017.

principia o capítulo 1 “Disgregación y resistencia”: explicar o existir en tanto que resistir (á experiencia nihilista). Existir que fai fronte á idea de existencia como “simple” proxecto. Existir que non pon o acento na realización expansiva do eu, senón no amparo e discernimento de que, desde o amparo, a resistencia aínda é posible. Resistencia que non é o pólo contrario da idea de proxecto, o seu oposto. É a súa condición de posibilidade. (Hai, porén, unha reclusión e illamento estériles que non reciben nin coidan ou, mellor, cóidanse de ser inmunes ás chamadas morais e políticas, á vocación humana de entrelazado).

A resistencia íntima que enfronta a nihilización dos vínculos humanos e naturais, é íntima non por interior, senón por próxima e, tamén, central, nuclear, no que autor nomea “si mesmo”. A reflexión sobre as formas, figuras, signos e xestos desta resistencia íntima é a filosofía da proximidade que pretende achegarse á vida diaria, desconectarse non da abstracción conceptual, senón das abstraccións estériles. Filosofía que vindica o cotiá, aínda que non se reduza a el (revisa e destrúe a equiparación de cotidianidade e inautenticidade, por exemplo). Programa filosófico que busca articular un duplo discurso. Por unha banda, unha fenomenoloxía das figuras do outro (amigo, compañeiro, fillo), no seu entorno (traballo, cotidianidade, experiencia) e articulacións (memoria, sentimento, esperanza), capas da intimidade resistentes á devastación nihilista. Por outra banda, unha hermenéutica do sentido da vida realizada ao fío do enlazado das figuras da intimidade, intento de comprender a fondura da existencia humana, reflexión serena e serenada sobre os conceptos de nihilismo, absurdo, sentido.

No capítulo 2 “Cartografía de la nada y experiencia nihilista” o autor retrata con forza plástica e sobriedade expresiva o proceso de nihilización que fai verosímil a existencia como resistencia. Trata de pensar o movemento contrario a esta nihilización, dar unha resposta razoada e razoable. Razoada coas ferramentas filosóficas fenomenolóxicas que captan os estratos fondos da experiencia vivida, revelada na linguaxe común. Razoable porque pretende enfrontar, con éxito práctico, moral e político, sen rancor nin resentimento, a finitude do humano. Capítulo a capítulo, o libro vai clarear expresións, xestos, figuras, formas, prácticas, que obstaculizan e disolven o sen sentido. Expresións: acompañamento, coidado, acollida, don. Xestos: hospitalidade, amparo, compañía. Figuras: médico, mestre, enfermeiro, cooperante. Formas: cotidianidade, casa, cura de si, coidado de si. Prácticas: canto, silencio, rogo, pregaría. E pensar, por un e para os demais. Trazos que o autor interpreta como realidades contranihilistas.

O capítulo 3 “Volver a casa” esboza a fenomenoloxía da casa. Abrangue a descrición de experiencias como recollemento, acollida, centralidade, retorno, acubillo, don, repregamento, o recordo saudable da casa da infancia. O capítulo 4 “Elogio de la cotidianidad: lo sencilla que es la vida” desenvolve a fenomenoloxía do cotiá nos contidos da sinxeleza, repetición, proximidade. O autor subliña que a cotidianidade non é caída, falsidade. É resposta ao abismo, facerse cargo del, iluminar as cousas coa luz da finitude. Acompañar e coidar son xestos da cotidianidade esclarecida. No capítulo 5 “Breve meditación médica” o médico, enfermeiro, cooperante, mestre, coidador, e outras equivalentes, revélanse como categorías ontolóxicas relativas á maneira fundamental do ser do humano, cuxa pertenza ao mesmo xesto de resistencia ante as forzas entrópicas, que cerran e acedan a vida humana, é inequívoca.

No capítulo 6 “Cuidarse sin convertirse en Narciso” a reflexión do autor diríxese ao coidado de si na figura do “si mesmo”. Si mesmo non é un mesmo. O segundo relaciónase co impersoal, egoísta, narcisista. Porén, o coidado de si non é contemplación pasiva, va. É transformadora, porta de acceso á transfiguración. O misterio do mundo, das cousas, dos entes, maniféstase de seu. Retornar ao si mesmo non é volver ao *conatus* da substancia, ao punto de partida de empresas futuras de dominación. É baleirarse, encontrarse a si na pasividade exposta e atrapada, que para o autor é sinónimo de suxeita e responsabilizada. O capítulo 7 “No ceder al dogmatismo de la actualidad” expón a tentación que acosa ao “un mesmo”: ceder ao imperio do actual, non resistir no inactual. O inactual non consiste na adhesión aos feitos, tampouco na anticipación do óptimo. É o imposible que o pasado, aínda que foi imposible, protexe. Memoria e imaxinación fano, paradoxalmente, posible.

O capítulo 8 “¿El océano o el desierto?” analiza estas dúas metáforas que ilustran a condición humana na súa relación co concepto de totalidade. Funciona como introdución ao capítulo 9 “La esencia del lenguaje como amparo” no que o autor declara e amosa que todos os anteditos desenvolvementos fenomenolóxicos sobre a experiencia da intimidade resistente ao nihilismo, ancoran na reinscrición da filosofía na linguaxe común, familiar, plena de capas de experiencia existencial, non categorizada. É dicir, nunha consideración da esencia da linguaxe como protección e amparo. Son moreas de experiencias da maioría, coidadas na memoria da infancia e o porvir, froito dunha mirada valente ao nada e finitude do humano, que a filosofía toma como fondo. Resulta perentorio atender á etimoloxía e sedimentos das palabras da experiencia.

O capítulo 9 “Una metafísica del ayuntamiento” remata o libro. Parte da hipótese de que a vida humana non é “máis” vida se está mergullada na corrente do impersoal, no campo preindividual ou postsocial. Ao contrario, só logra intensificarse na precaria posición persoal. A realidade indiferenciada, ou excesivamente categorizada, aseméllase en exceso ao nada do nihilismo. Cada unha das xunturas propostas é paréntese, intervalo gañado ao plano homoxéneo (desarticulador, nihilizante, disolvente) do ser ou non-ser. A corrente impersoal da vida faise vida persoal na sutura dos bordos. O hiato, orixe da xuntura feita de puntadas extremadamente fráxiles, pode somatizarse a través da violencia (forma de fuxida da finitude) e dogmatismo (procedente da debilidade humana mal asumida), ou do amparo (da vulnerabilidade) e intención (esfuerzo) de entender. Esta segunda actitude é orixe do axuntamento. A filosofía pode axudar na tarefa de tornar consciente no humano a sutura e a súa costura. O autor propón un relevo na metafísica: substitución da ciencia do ente en canto ente pola hermenéutica do axuntamento. E no método: cambio da abstracción esterilizante pola atención reflexiva (fenomenolóxico-hermenéutica, enténdese). Resistir é, polo tanto, aspirar a que a xuntura non se desfaga.

A apelación de Josep Maria Esquirol á xuntura en precario das vidas, tamén precarias, forma parte dunha hermenéutica do vínculo humano ineludible clarexado pola dependencia mutua. Unha invitación á filosofía actual a non abandonar o seu chan nutricional: a experiencia de nós volta sobre si.

Miguel Ángel Martínez Quintanar